

PRIMEIRA PARTE DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRACIÓN (FUNCIONARIO DE CARREIRA) DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE BRIÓN.

Preguntas:

1) O alcalde pode delegar as súas competencias?

- a) Non.
- b) Non, só pode delegar as de xestión ordinaria dos asuntos.
- c) Si, agás as que por lei son indelegables.**
- d) Pode delegar todas as súas competencias en caso de enfermidade grave.

2) Segundo o artigo 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros debe prestarse, en todo caso, nun concello cunha poboación superior a:

- a) 25.000 habitantes.
- b) 10.000 habitantes.
- c) 50.000 habitantes.**
- d) 100.000 habitantes.

3) As copias auténticas de documentos realizadas por unha Administración Pública,

- a) Terán validez nas restantes Administracións.**
- b) Só terán validez nesa Administración.
- c) Só xurden efectos privados.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

4) Cal é o prazo para esixir a responsabilidade da administración?

- a) Un ano.**
- b) Un mes.
- c) Dous meses.
- d) Non existe prazo.

5) Un acto administrativo que afecta a un interesado xurdirá efectos:

- a) Desde que se acorda polo órgano competente.
- b) Desde que se publica no taboleiro de anuncios.
- c) Desde que se efectúa a notificación ao interesado.**
- d) Ningunha das respostas é correcta.

6) Cal é o prazo para interpoñer un recurso de reposición?

- a) 1 mes.**
- b) 2 meses.
- c) 1 ano.
- d) 15 días.

7) Cal é o prazo para cursar a notificación dun acto administrativo?

- a) O día no que o acto fora ditado.
- b) Dentro do prazo de quince días a partir da data en que o acto fora ditado.
- c) Dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fora ditado.**
- d) Non existe un prazo fixo.

8) Cando pode a administración facer unha rectificación de erros?

- a) Cando o considere oportuno.
- b) Cando o considere conveniente.
- c) En calquera momento.
- d) Só poderá rectificar, en calquera momento, os erros materiais, de feito ou aritmético.**

9) Cal é órgano competente nun concello para acordar o despido do persoal laboral?

- a) O alcalde.**
- b) O Pleno.
- c) A Xunta de Goberno Local pode selo por delegación do Pleno.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

10) Todos os concellos deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

b) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, e gardería municipal.

c) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, gardería municipal e servizos sociais.

d) Cultura e deportes.

11) Segundo o artigo 20 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a resolución pola que se conceda ou denegue o acceso a unha solicitude de información pública, deberá notificarse ao solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaran no prazo de?

a) No prazo máximo de tres meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

b) No prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

c) No prazo máximo de un mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

d) No prazo máximo de 15 días hábiles desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver.

12) Segundo o artigo 11 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o Portal de Transparencia conterá información publicada de acordo coas prescricións técnicas que se establezan regulamentariamente que deberán adecuarse aos seguintes principios:

a) Accesibilidade, reciprocidade e inmediatez.

b) Accesibilidade e interoperabilidade.

c) Accesibilidade, interoperabilidade, e reutilización.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

13) Segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aos efectos previstos nesta Lei terán capacidade de obrar ante as administracións públicas:

- a) En todo caso, os grupos de afectados.
- b) En todo caso, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos.
- c) Cando a Lei así o declare expresamente, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

14) Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpoñer recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa:

- a) Ten que facerse necesariamente mediante poder notarial.
- b) Se presume a representación.
- c) Ao seren actos de trámite se presume a representación.
- d) Deberá acreditarse a representación.**

15) Segundo o artigo 7 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse co:

- a) Co que figure en primeiro termo.
- b) Co representante.
- c) Co representante ou o interesado que expresamente sinalasen, e, na súa falta, co que figure en primeiro termo.**
- d) Con todos os interesados.

16) Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- a) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.
- b) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.**
- c) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

17) Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa dun procedemento é:

- a) Seis meses.
- b) Tres meses.
- c) Un ano.
- d) O fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento.**

18) Segundo o artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra un acordo que resolva sobre a ampliación do prazo máximo

de resolución e notificación dun procedemento, que deberá ser notificado aos interesados, que recurso cabe?

a) Non caberá recurso ningún.

b) Recurso de reposición oualzada dependendo do órgano administrativo que dite o acto.

c) Recurso administrativo en todo caso.

d) Non caberá recurso ningún, porque non hai que notificalo aos interesados.

19) Segundo o artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a obrigaón de ditar resolución expresa a que se refire o apartado primeiro do artigo 21 suxeitarase ao seguinte réxime:

a) Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produón do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo, e nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.

b) Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produón do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo, e nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptase pola Administración con vinculación ao sentido do silencio.

c) Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produón do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo, e nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

20) Segundo o artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, quen ten que expedir o certificado acreditativo do silencio administrativo producido nun expediente e en que prazo?

a) O órgano superior xerárquico do órgano competente para resolver.

b) O órgano competente para resolver sempre no prazo de un mes.

c) O órgano competente para resolver no prazo de tres meses.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

21) Segundo o artigo 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que por Lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son hábiles:

a) Excluíndose do cómputo os sábados e os domingos.

b) Excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

c) Excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos.

d) Excluíndose do cómputo os declarados festivos.

22) Segundo o artigo 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada:

a) Cando transcorresen dez días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

b) Cando transcorresen quince días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

c) Cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

d) Cando transcorresen quince días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

23) Segundo o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra as disposicións administrativas de carácter xeral:

a) Non caberá recurso en vía administrativa.

- b) Caberá recurso en vía administrativa.
- c) Só cabe recurso de reposición e de alzada, pero non extraordinario de revisión.
- d) Só caberían recurso de reposición, de alzada, e extraordinario de revisión.

24) Segundo o artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución dun recurso de reposición é de:

- a) Tres meses.
- b) Un mes, agás casos excepcionais.
- c) Dous meses.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

25) Segundo o artigo 18 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en materia de exercicio do dereito de acceso a información pública, cando pode unha solicitude de información inadmitirse a trámite, mediante resolución motivada?

- a) En todos os casos, sempre que se motive.
- b) En ningún caso.
- c) Cando se refira a materias afectadas pola normativa de protección de datos persoais.

d) Cando se refira a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.

26) Segundo o artigo 104 bis da Lei /1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nun concello cunha poboación superior a 5.000 habitantes e non superior a 10.000 habitantes, cantos postos de traballo de persoal eventual se poderá incluír nas súas plantillas?

- a) Un.**
- b) Dous.
- c) Tres.
- d) Ningún.

27) Segundo o artigo 50 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os funcionarios públicos terán dereito a gozar, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de:

- a) Vinte e tres días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor.
- b) Vinte e catro días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor.

c) Vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor.

- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

28) Segundo o artigo 8 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos clasifícanse en:

a) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal e persoal eventual.

- b) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, e persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal.
- c) Funcionarios de carreira e funcionarios interinos.
- d) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal, persoal eventual e persoal directivo.

29) Segundo o artigo 19 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a carreira profesional e a promoción do persoal laboral farase efectiva a través:

a) Dos procedementos previstos no Estatuto dos Traballadores ou nos convenios colectivos.

- b) Dos procedementos previstos na lexislación aplicable a cada administración pública.
- c) Do convenio colectivo de aplicación.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

30) Segundo o artigo 141 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, salvo previsión legal distinta, as multas por infracción de ordenanzas locais deberán respectar as seguintes contías para as infraccións moi graves:

- a) ata 9.000 euros.
- b) ata 750 euros.
- c) ata 15.000 euros.
- d) ata 3.000 euros.**

RESERVA.

1) As infraccións dos funcionarios cando son leves prescriben.

a) Aos seis meses.

- b) Ao mes.
- c) Ao ano.
- d) Aos tres meses.

2) Por quen se compón os órganos de selección de persoal funcionario municipal?

- a) Polo alcalde, o secretario e os vogais.
- b) Por persoal funcionario e directivo.
- c) Por funcionarios de carreira e interinos.

d) Ningunha das respostas é correcta.

3) Segundo o artigo 39 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cales son os órganos específicos de representación dos funcionarios?

- a) Os Comités de Empresa, os Delegados de Persoal e as Xuntas de Persoal.
- b) Os Delegados de Persoal.
- c) As Xuntas de Persoal.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.